

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC) IES DE MUGARDOS

2016 - 2020



CONTEXTO
SOCIOLINGÜÍSTICO



LINGUA POR
MATERIAS



DINAMIZACIÓN
LINGÜÍSTICA



LINGUAS
ESTRANXEIRAS



PROXECTO
LECTOR

Aprobado polo
Consello Escolar

28 de xaneiro
2016

Índice

1. [Introdución](#)
2. [Contexto sociolingüístico](#)
3. [Linguas en que se imparten as distintas materias](#)
 - 3.1. ESO
 - 3.2. Bacharelato
 - 3.3. Educación de Adultos.
4. [Fomento da lingua galega](#)
 - 4.1. Equipo de Dinamización Lingüística
 - 4.2. Obxectivos xerais
 - 4.3. Liñas de actuación
5. [Actuacións para o ensino das linguas estranxeiras](#)
 - 5.1. Seccións Bilingües
 - 5.2. Auxiliar de Conversa
 - 5.3. Programa CUALE
 - 5.4. Outros: Proxectos europeos...
6. [Atención á diversidade lingüística](#)
 - 6.1. Medidas adoptadas para o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas
 - 6.1.1. Exención de 2LE
 - 6.1.2. Programas de Reforzo
 - 6.1.3. Desdobres
 - 6.2. Alumnado procedente doutras comunidades ou países
 - 6.2.1. Exención de Lingua Galega
 - 6.2.2. Medidas de acollemento
7. [Estratexias e actividades para a mellora da competencia comunicativa oral e escrita do alumnado.](#)
8. [Proxecto Lector](#)
 - 8.1. Plan Anual de Lectura
 - 8.2. Plan de Mellora da Biblioteca
9. [Planificación, seguimento e avaliación do PLC](#)
10. ANEXOS
 - I [Enquisa sobre a situación sociolingüística da comunidade educativa do IES de Mugarbos.](#)
 - II [Escala de avaliación, rúbricas...](#)
 - III [Pautas para a realización e presentación dun traballo.](#)

1. Introducción

O obxectivo fundamental do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) non é outro que a mellora da competencia comunicativa do alumnado, tanto nas linguas oficiais de Galicia coma nas outras linguas presentes no ensino. Deste xeito, concíbese como un proxecto global que integra distintos ámbitos de actuación: regulamento de aspectos normativos relacionados cos usos lingüísticos do centro, normalización da lingua galega, tratamento da diversidade, apoio ao plurilingüismo e mellora xeral das habilidades orais e escritas. Inclúe, asemade, o plan lector e do plan da biblioteca escolar.

Somos conscientes das múltiples carencias coas que este documento se vai topar na realidade. Porén, tamén debemos salienta a posibilidade de converter as dificultades en oportunidades de intervención e conseguirmos avances de xeito planificado e consensuado entre todos os membros da comunidade educativa.

Unha dificultade de partida xurdiu da complexidade de obtermos un coñecemento exhaustivo da situación sociolingüística do centro. Con todo, cremos que as conclusións extraídas a partir da enquisa na que participou arredor da metade da comunidade educativa permiten fundamentar as medidas de intervención, por unha banda cara ao reparto equilibrado das linguas vehiculares do ensino, cunha presenza cada vez maior das linguas estranxeiras; e por outra, cara á de promoción da lingua galega. Neste sentido, detectamos que o proceso de castellanización ten relegado o galego exclusivamente aos usos escolares para case a totalidade do noso alumnado.

Outra dificultade radica no momento de cambio lexislativo en que presentamos este plan, coincidente coa posta en marcha da LOMCE. Aparecen novos elementos curriculares como os estándares de avaliación, o paso das competencias básicas a competencias clave, a concreción dos perfís de competencia, a necesidade de ampliación dos instrumentos de avaliación, etcétera.

A estas novidades intenta actualizase o Plan Lingüístico incluíndo por vez primeira un apartado centrado nas estratexias e actividades para a mellora da competencia comunicativa así coma un anexo que iremos incluíndo diferentes modelos de rúbricas e escalas de avaliación para uso xeral do centro.

Por todo iso, estamos convencidos de que o PLC debe asentase na innovación educativa e a posta en marcha dunha renovación metodolóxica compartida polo profesorado do centro, que poña en práctica de xeito coordinado todas as actuacións para a mellora da oralidade, escritura e lectura do alumnado.

2. Contexto sociolingüístico

Para poder ofrecer unha diagnose da situación actual e establecer os procesos de intervención lingüística acordes coas novas realidades que se están a producir, realizáronse en maio de 2015 unhas enquisas aos diversos sectores que conforman a comunidade educativa: alumnado, pais e nais e profesorado.

Durante o curso 2014-2015 o centro contou cunha matrícula de 219 alumnos e un cadro de 33 docentes. A mostra que obtivemos, un pouco escasa para establecer unha análise rigurosa, foi de 213 enquisas repartidas do seguinte xeito: o 48,8% corresponden ao alumnado, o 37% aos pais e nais e o 69,9% ao profesorado.

O contorno sociolingüístico do centro

O IES de Mugar dos atópase situado na vila mariñeira do mesmo nome. O municipio no que está enclavado está formado por catro parroquias: San Xoán de Piñeiro, Santiago de Franza, San Vicente de Meá e San Xulián de Mugar dos, de onde procede a maior parte do alumnado, aínda que tamén hai estudantes do concello limítrofe de Ares, en boa parte de Bacharelato, xa que na súa vila tan só poden realizar estudos de secundaria obrigatoria. A contorna do centro é semirrural, formada tanto por habitantes de zonas mariñeiras como de zonas de interior.

No que respecta á lingua, o bilingüismo de hai uns anos está deixando paso a un monolingüismo en castelán moi acusado. Un 84,1% dos proxenitores do alumnado actual do centro emprega habitualmente de xeito oral o castelán ou máis castelán que galego. E un 94,3% do alumnado. Atopámonos pois, cun sector de pais/nais castelán falante que, como veremos na análise pormenorizada, non lle ve utilidade ao coñecemento da lingua galega.

A isto tampouco contribúe que a vida tanto na vila como fóra dela, principalmente na cidade máis próxima, Ferrol, transcorra practicamente en castelán. Neste apartado hai que indicar que os homes manteñen un pouco máis o emprego do galego que as mulleres.

Os prexuízos son menores que en épocas anteriores, dado que xa non son necesarios ao quedar invalidados pola consideración de lingua pouco útil.

Non obstante, a través das enquisas feitas no comercio local hai un par de cursos, puídemos comprobar que a xente menor de 40 anos está máis disposta a empregar o galego nos seus negocios que a xente de máis idade. Isto leva a pensar que a escolarización en galego e as políticas lingüísticas puideron servir para algo, aínda que non freasen a perda de falantes.

A situación lingüística no funcionamento do Instituto

O centro desenvolve a súa actividade administrativa plenamente en galego. As persoas que se ocupan dos labores administrativos e organizativos son galego-falantes. Toda a documentación redáctase nesta lingua, tanto a interna como a empregada nas relacións co alumnado, coas familias ou con outras institucións, así como carteis e avisos nos taboleiros.

A situación do alumnado

A matrícula durante o curso 2014-2015 foi de 219 alumnos/as, repartidos na ESO, Bacharelato, PCPI e Educación de adultos. O IES de Mugar dos ten un índice moi baixo de alumnado foráneo, que nalgúns casos mesmo é de ascendencia galega directa, o que non fixo necesario establecer medidas suplementares de aprendizaxe en ningunha das linguas oficiais. A única disposición empregada ata o momento foi a exención en lingua galega, durante o tempo que establece a lei.

Os datos que obtemos respecto da lingua materna, lingua de instalación, percepción de coñecemento e manexo das dúas linguas son nalgún caso contraditorios.

A lingua materna foi o castelán para o 90,7% dos alumnos/as e a de instalación éo para o 94,3%, é dicir, que debeu aumentar pola influencia da contorna. O 49,5% recoñece non ter a mesma fluidez oral en castelán que en galego e o 69,2% afirma ter un maior dominio da lingua castelá. Malia estes datos, a percepción que teñen sobre as súas competencias orais e escritas é moi positiva. O 89,8% cre que fala ben ou moi ben en galego e na competencia escrita un 81,1% sinala que escribe do mesmo xeito, aínda que tan só un 5,6% recoñece ter como lingua predominante na escrita o galego.

Durante a escolarización a distribución de materias en galego e castelán é parella, segundo eles mesmos manifestan, e hai un dato bastante importante de cara ao establecemento de medidas: un 54,2 % contesta as preguntas dos exames na lingua da materia. Un 55,9% estima necesarias máis materias impartidas en galego e mesmo algo máis da metade cre necesario o incremento de iniciativas para potenciar o seu uso.

A lingua de relación cos compañeiros/as é o castelán. Só un 2,8% indica falar cos compañeiros de escola en galego, cifra que se eleva a un 23,4% na conversa co profesorado.

Nas relacións familiares o castelán é a lingua habitual. Soamente un 7,6% emprega o galego sempre ou case sempre coa nai, e un 6,6% co pai. Este dato sorprende un pouco, xa que os pais lles falan aos fillos máis en galego que as nais: un 13,4% fronte a un 9,5%. Se nos imos á xeración dos avós, as conversas en galego prodúcense nun 41,4% dos casos de avós a netos e nun 33,9% de netos a avós. Cifras moi superiores ás anteriores, pero aínda así moi baixas.

Segundo as súas respostas, parece que os prexuízos están a desaparecer, non manifiestan preferencia por ler nunha ou outra lingua e tampouco pensan que se vaian mofar deles ou vaian ter dificultades para ligar por falar en galego. Cren que esta lingua se debería usar máis un 81,3%, e o 80,2% que lles vai ser útil no futuro.

Preguntados polas causas da perda de falantes eles atribúeno a tres factores. Como existía a posibilidade de resposta múltiple as porcentaxes non poden sumar un 100% en ningún caso. En primeiro lugar, un 40,6% pensa que se debe á falta de transmisión familiar, En segundo, un 36,8% cre que a xente pensa que non lle vai ser útil e, no terceiro lugar, un 35,8% indica que a xente aínda mantén vellos prexuízos e identifica galego con lingua de incultura, de pailáns. Só un 13,2 % considera que a causa pode ser debido a ter poucas materias que empreguen o galego como lingua vehicular. Este último dato, manifesta sen lugar a dúbidas, que máis materias axudaría a ter un maior dominio, como expoñían anteriormente, pero non a aumentar o número de galego-falantes.

A situación dos proxenitores

Os pais/nais posúen un nivel de estudos medio e unha situación laboral marcada pola alta taxa de desemprego, que alcanza un 17,5%.

Un 84,1% dos proxenitores do alumnado actual emprega habitualmente de xeito oral o castelán ou máis castelán que galego. De feito, esta foi xa a súa lingua materna, e polo tanto é a lingua que transmiten aos seus fillos. De remontármonos á xeración dos avós, os datos melloran un pouco pero indica claramente a deriva que se está a producir. Só o 41,4% dos avós, maternos, por exemplo, lle fala en galego aos netos.

En canto ao coñecemento declarado da lingua, un 66,6% sinala que fala ben ou moi ben o galego fronte a un 27,2% que considera que o seu nivel oral é regular. Os datos para a competencia escrita son similares. Un 68,4% recoñece escribirla ben ou moi ben, aínda que só o 5% escribe habitualmente en galego.

Durante a escolarización a diferenza entre as materias recibidas en galego entre os pais e os fillos; un 5,2% fronte a un 48,6% na secundaria, é sorprendente, pero só marca unha diferenza en canto ao nivel de coñecemento da lingua recoñecido, en absoluto no uso.

Un 72% dos proxenitores opina que os seus fillos teñen un maior dominio en castelán que en galego, pero o 61,8% considera que non se deben impartir máis materias nesta lingua e que as medidas para fomentar o seu uso son suficientes. Só o 36,1% considera que o galego se usa pouco e un 23,2% pensa que lles vai resultar pouco ou nada útil aos seus fillos. Mais se lle damos a volta ao dato, temos que un 76,8% considera que si vai ter algo de utilidade, en maior ou menor grao. Entón, como conxugar isto coa falta de aparente desexo de que acaden un mellor nivel?

A situación do profesorado

O cadro de persoal, formado por 33 docentes, ten nun 78,2% dos casos o castelán como lingua habitual. E para o 91,3% esta foi a súa lingua materna.

No tocante ás competencias oral e escrita, a súa percepción do coñecemento da lingua galega é moi inferior á percepción que posúe o alumnado sobre a súa, o que non indica necesariamente que o coñecemento real sexa inferior. Un 66,5% recoñece que fala ben ou moi ben a lingua galega e un 56,5% asegura escribirla do mesmo xeito. Estes datos reflicten evidentemente, como se pode ver nas táboas, que cerca do 40% considera que a escribe e a fala regular, dato moi relevante que habería que analizar se se debe a un descoñecemento real para poder así establecer as medidas oportunas.

O 100% do profesorado opina que o alumnado non se manexa igual de ben en galego que en castelán e para iso, un 68,2% estima necesario impartir máis materias en galego, e incrementar as medidas que fomenten o uso da lingua propia da Comunidade. Só un 4,3 % pensa que o galego lles vai ser pouco útil no futuro aos seus discentes.

CONCLUSIÓNS

A lingua de instalación e das relacións sociais, familiares e escolares, tanto dos pais como do alumando e do profesorado, é maioritariamente o castelán.

A perda da función familiar da lingua galega, xa na xeración dos pais, e talvez en moitos casos na dos avós, é un dos factores máis preocupantes. Esta perda agrávase pola consideración de lingua pouco útil e mesmo se cadra por **unha falsa percepción de imposición deste idioma, de aí que rexeiten o incremento de materias en galego e das medidas para o potenciación do uso deste idioma.**

O alumnado manifesta o seu menor dominio na lingua galega, non recoñece prexuízos propios, pero si alleos, e aposta por máis medidas dinamizadoras e máis materias en lingua galega. Cren que falan mellor do que escriben e están convencidos de que o galego lles vai ser útil en maior ou menor medida.

O profesorado ten unha percepción, real ou non, de que non se manexa correctamente de xeito oral e escrito en galego, o que habería que resolver para non obstaculizar unha aprendizaxe correcta desta lingua por parte do alumnado.

3. Linguas en que se imparten as distintas materias

Enténdese que unha materia se imparte nunha determinada lingua cando as explicacións docentes, os materiais empregados e os exames se realizan na lingua designada. Con todo, cómpre facer unha serie de consideracións:

- Débese fomentar que a comunicación oral e escrita do alumnado nesa materia sexa na lingua establecida co fin de dar espazos de uso culto tanto para o galego coma para o castelán.
- Os libros de texto deben estar na lingua establecida para a materia correspondente.
- Os materiais de apoio (fotocopias, textos de reforzo e traballo, etc.) con carácter xeral deben estar na lingua establecida para a materia. Porén, fica a criterio do docente o emprego de materiais noutras linguas cando a calidade do material así o recomende ou a súa tradución sexa inviable.
- Nas seccións bilingües compútase a metede para cada unha das linguas. No caso de materias con número impar de sesións semanais, consígnase a favor da lingua cooficial.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia regula o procedemento xeral para establecer a lingua en que se han impartir as materias de cada etapa educativa.

3.1. ESO

Artigo 7º.-Educación secundaria obrigatoria.

1. Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.


2. As materias de lingua impartiranse na lingua de referencia.

3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.


		1.º ESO		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura		4	
	Matemáticas		5	
	Xeografía e historia	3		
	Bioloxía e Xeoloxía	4		
	Primeira lingua estranxeira			3
ESPECÍFICAS	Educación Física		1	1
	Relixión - Valores sociais e cívicos	1		
	Segunda lingua estranxeira			2
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual		2	
LCA	Lingua galega e literatura	4		
	Oferta do centro	1	→	
	Titoría	←	1	
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
		13	13	6

32




		2.º ESO		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura		3	
	Matemáticas		5	
	Xeografía e historia	3		
	Física e Química		3	
	Primeira lingua estranxeira			3
ESPECÍFICAS	Educación Física		1	1
	Relixión - Valores sociais e cívicos	1		
	Segunda lingua estranxeira			2
	Música	2		
	Tecnoloxía		3	
LCA	Lingua galega e literatura	3		
	Oferta do centro	1		
	Titoría	1		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
		11	15	6

32



		3.º ESO		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura		3	
	Matemáticas Aplicadas/Académicas		4	
	Xeografía e historia	2		1
	Bioloxía e Xeoloxía	2		
	Física e Química		2	
	Primeira lingua estranxeira			3
ESPECÍFICAS	Educación Física		2	
	Relixión - Valores sociais e cívicos	1		
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2		
	Música	2		
	Tecnoloxía		2	
LCA	Lingua galega e literatura	3		
	Titoría	1		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
		13	13	4
ESP. DE OPCIÓ ELIXIR 1	Segunda lingua estranxeira			2
	Cultura Clásica	←	2	



30

		4.º ESO - ACADEMICAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura		3	
	Matemáticas Académicas		4	
	Xeografía e historia	2		1
	Primeira lingua estranxeira			3
LC	Lingua galega e literatura	3		
	Educación Física		2	
ESPECÍFICAS OBRIGADAS	Relixión - Valores sociais e cívicos	1		
	Titoría	1		
			GALEGO	CASTELÁN
		7	9	4
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2	Segunda lingua estranxeira			3
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3		
	Música		3	
	Cultura Clásica	3		
	Artes escénicas - Danza		3	
	Cultura Científica	3		
	TIC		3	
	Filosofía	3		
	Troncal non cursada			

		4.º ESO - APLICADAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS DE OPCIÓN Itinerari Alternant	A	Economía	3	
		Latín		3
B		Bioloxía e Xeoloxía	3	
		Física e Química		3

20

6

		4.º ESO - APLICADAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura		3	
	Matemáticas Aplicadas		4	
	Xeografía e historia	2		1
	Primeira lingua estranxeira			3
LC	Lingua galega e literatura	3		
	Educación Física		2	
ESPECÍFICAS OBRIGADAS	Relixión - Valores sociais e cívicos	1		
	Titoría	1		
			GALEGO	CASTELÁN
		7	9	4
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2	Segunda lingua estranxeira			3
	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	3		
	Música		3	
	Cultura Clásica	3		
	Artes escénicas - Danza		3	
	Cultura Científica	3		
	TIC		3	
	Filosofía	3		
	Troncal non cursada			

		4.º ESO - APLICADAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS DE OPCIÓN	Tecnoloxía		3	
	Inicia. á actividade emprendedora	3		
	Ciencias aplicadas á actividade profesional	3		

Elixir 2

20

6

A decisión definitiva sobre a lingua das específicas de opción de 4.º ESO cremos conveniente adiala ata a implantación da LOMCE no curso 2016-2017 debido a que tamén afecta á elección de libros de textos.

3.2. Bacharelato

Artigo 8º.-Bacharelato.

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán. Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

		1.º BAC - HUMANIDADES, CCSS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura I		3	
	Primeira lingua estranxeira I			3
	Filosofía	3		
	<i>Matemáticas aplicadas ás CCSS</i> <i>Latín</i>	4	4	
LC	Lingua galega e literatura	3		
ESP ECI FIC AS	Educación Física		2	
		GALEGO 10+6	CASTELÁN 9+8	INGLÉS-FRANCÉS 3+2
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2 ou 3 (sumar 6 horas)	Anatomía Aplicada	3		
	Tecnoloxía industrial		3	
	Debuxo Artístico I	3		
	Linguaxe e Práctica Musical		3	
	Segunda Lingua Estranxeira			2
	Cultura Científica	2		
	TIC I		2	
	Relixión	1		
	Libre configuración do centro	1		
	Materia troncal de opción non cursada			

		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS DE OPCIÓN	Economía	2		2
	Historia do mundo contempd	4		
	Grego I		4	
	Literatura universal		4	

18

6

		1.º BAC - CIENCIAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura I		3	
	Matemáticas I	4		
	Primeira lingua estranxeira I			3
	Filosofía	3		
LC	Lingua galega e literatura	3		
ESP ECI FIC AS	Educación Física		2	
		GALEGO 10+4	CASTELÁN 5+8	INGLÉS-FRANCÉS 3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2 ou 3 (sumar 6 horas)	Anatomía Aplicada	3		
	Tecnoloxía industrial		3	
	Debuxo Artístico I	3		
	Linguaxe e Práctica Musical		3	
	Segunda Lingua Estranxeira			2
	Cultura Científica	2		
	TIC I		2	
	Relixión	1		
	Libre configuración do centro	1		
	Materia troncal de opción non cursada			

		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
TRONCAIS DE OPCIÓN	Bioloxía e Xeoloxía	4		
	Debuxo Técnico I		4	
	Física e Química		4	

18

6

8

8

O reparto de 2.º Bacharelato é provisional:

		2.º BAC - HUMANIDADES, CCSS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura I		3	
	Primeira lingua estranxeira I			3
	Historia de España	3		
	<i>Matemáticas aplicadas ás CCSS</i>	4		
	<i>Latín</i>		4	
LC	Lingua galega e literatura	3		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
		10	7	3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2 ou 3 (sumar 8 horas)	Historia da Filosofía	4		
	Debuxo Artístico II		3	
	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3		
	Historia da música e da danza		3	
	Fundamentos da Admón e Xestión	3		
	Psicoloxía		3	
	Segunda lingua estranxeira II			3
	TIC II		3	
	Relixión	1		
	Libre configuración do centro	1		
	Materia troncal de opción non cursada			
	Imaxe e son			

		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
TRONCAIS DE OPCIÓN	Economía da empresa	4		
	Xeografía	4		
	Grego II		4	
	Historia da Arte	4		
	Historia da Filosofía	4		

		2.º BAC - CIENCIAS		
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
TRONCAIS	Lingua castelá e literatura II		3	
	Primeira lingua estranxeira II			3
	Historia de España	3		
	Matemáticas II	3		
	LC	Lingua galega e literatura	3	
	Titoría		1	
		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
		9+4	4+12	3
ESPECÍFICAS DE OPCIÓN ELIXIR 2 ou 3 (sumar 8 horas)	Historia da Filosofía	4		
	Debuxo Artístico II		3	
	Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	3		
	Historia da música e da danza		3	
	Fundamentos da Admón e Xestión	3		
	Psicoloxía		3	
	Segunda lingua estranxeira II			3
	TIC II		3	
	Relixión	1		
	Libre configuración do centro	1		
	Materia troncal de opción non cursada			
	Imaxe e son			

		GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCES
TRONCAIS DE OPCIÓN	Bioloxía	4		
	Debuxo Técnico II		4	
	Física		4	
	Química		4	
	Xeoloxía		4	

3.3. Educación de Adultos.

Artigo 10º.-*Ensinanzas de persoas adultas.*

1. Nos niveis de ensinanzas de persoas adultas, cada centro educativo garantizará que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado acadará a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais.

2. A consellería competente en materia de educación establecerá un plan específico destinado á nova poboación inmigrante que se está a asentando en Galicia, que prevexa formación lingüística, coñecementos históricos e socioculturais.

I-II ESA	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
Ámbito de Comunicación	3	3	
Ámbito Tecnolóxico-Matemático	4	4	
Ámbito de Sociedade	3		
Lingua Estranxeira-Inglés			2
Titoría		1	
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
	10	8	2

20

III-IV ESA	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
Ámbito de Comunicación	2	2	
Ámbito Tecnolóxico-Matemático	4	4	
Ámbito de Sociedade	4		
Lingua Estranxeira-Inglés			2
Informática		1	
Titoría		1	
	GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS-FRANCÉS
	10	8	2

20

4. Fomento da lingua galega

Un dos obxectivos centrais do proxecto educativo é garantir que o noso alumnado adquira unha competencia lingüística plena e igual en ambas as linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A partir da análise sociolingüística do centro fica patente o desequilibrio de uso real e competencial. Isto xustifica a existencia de medidas de fomento a lingua galega encamiñadas, principalmente, a deixar atrás os prexuízos lingüísticos e divulgar os valores positivos da diversidade lingüística no contexto global actual.

As actuacións fundamentais van dirixidas ao sector do alumnado co ánimo de que serán eles, a través da súa actitude, os que incidan nos hábitos dos seus pais, dos docentes e, no futuro, da contorna.

Neste labor debemos valernos do apoio da ANPA, o Equipo de Dinamización Lingüística xunto con outros axentes externos que é preciso mobilizar para avanzar na normalización da lingua galega: Concellos, organizacións sociais de carácter empresarial, cultural, deportivo, et-cétera.

4.1. O Equipo de Dinamización Lingüística (EDL)

Entendemos o EDL coma un órgano consultivo e dinamizador para os eidos lingüístico e cultural. Coma tal debe xogar un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega.

Forma parte da estrutura administrativa, docente e didáctica do centro. Estará integrado de xeito paritario por profesorado, alumnado (en secundaria e bacharelato) e persoal non docente.. Un membro do profesorado actúa de coordinador. A súa composición seguindo o Regulamento orgánico dos IES será a seguinte:

- a) Tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Tres alumnos, por proposta da xunta de delegados.
- c) Un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

Entre as súas competencias salientamos:

1. Presentar a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a. Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b. Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

4.3. Obxectivos xerais

- Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.
- Prestixiar o galego como lingua vehicular e instrumento indispensable de comunicación.
- Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns.
- Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC s.
- Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.
- Diseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do centro.

4.4. Liñas de actuación

COÑECEMENTO DA REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA

- Promover estudos de uso do galego na contorna.
- Realizar enquisas á comunidade educativa.
- Ofrecer asesoramento e divulgación de materiais.

MELLORA DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- Potenciar o uso oral e escrito do galego na actividade académica.
- Apoiar todos os espazos de uso para a lingua galega: radio escolar, publicacións, intercambios, actividades relacionadas co oratoria, teatro...
- Colaborar coa biblioteca escolar no fomento de lectura.

DINAMIZACIÓN DA VIDA CULTURAL

- Participar na organización das celebracións tradicionais: magosto, entroido, maios...
- Organizar concursos literarios, fotográficos...
- Ofrecer a asistencia a espectáculos e exposicións.
- Contratar cursos e obradoiros.
- Manter as publicacións escolares, nomeadamente o *Cartafol da Lingua*.

5. Ensino de linguas estranxeiras

O IES de Mugar dos asume como un dos seus obxectivos principais garantir a aprendizaxe de linguas estranxeiras e comprométese a consolidar a súa presenza na vida académica do centro como linguas de uso na medida do posible. Referímonos nomeadamente á lingua inglesa e francesa. Asemade, sinalamos como obxectivo a medio prazo o aumento da oferta de 2ª Lingua Estranxeira coa implantación de portugués consonte ás condicións e plans de estudo vixentes.

Ao longo dos últimos cursos veñen funcionando unha serie de medidas e programas que pola relevancia acadada son un dos sinais de identidade do centro. Trátase das seguintes actuacións que continuaremos acometendo segundo as convocatorias e as posibilidades de oferta anual:

5.1. Seccións Bilingües



Este programa supón a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa dun xeito bilingüe nunha lingua cooficial e nunha lingua estranxeira utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo.

Ata o momento temos aprobadas as seguintes seccións bilingües:

CURSO	Materia	Linguas
1.º ESO	Educación Física	Castelán-Inglés
2.º ESO	Educación Física	Castelán-Inglés
3.º ESO	Xeografía e Historia	Galego-Inglés
4.º ESO	Xeografía e Historia	Galego-Inglés
1.º BAC.	Economía	Galego-Inglés

Segundo os datos de cursos pasados, en 1.º e 2.º ESO todo o alumnado participa nas seccións bilingües de Educación Física. Nos outros niveis, depende das solicitudes presentadas. Desde xeito, aproximadamente o 60% do alumnado da ESO e o 10% do bacharelato, véñse beneficiando desta actuación.

Na normativa que regula as Seccións Bilingües ([Orde do 12 de maio de 2011-DOG do 20 de maio](#)) figuran as seguintes condicións:

- A incorporación dun alumno ou unha alumna a unha sección bilingüe requirirá a autorización por escrito dos pais, nais ou titores/as legais.
- O número mínimo de alumnado para desenvolver unha sección bilingüe será con carácter xeral de 12 alumnos/as, agás no bacharelato onde se poderá contar cun mínimo de 10 alumnos/as, e no ensino de adultos, cun mínimo de 8 alumnos/as. Para cantidades inferiores, cómpre solicitar autorización argumentada.
- O profesorado especialista da área ou materia non lingüística que inicie o proxecto deberá ter destino definitivo no centro e acreditar a súa competencia na lingua estranxeira no nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas.
- Cada sección bilingüe deberá ser coordinada polo profesorado que imparte a lingua estranxeira ao grupo de alumnado.
- Realizarase unha sesión semanal de coordinación, avaliación e atención ao programa entre a persoa coordinadora e o profesor/a da materia.



5.2. Auxiliar de Conversa

Programa complementario de apoio e colaboración de profesorado nativo para posibilitar a práctica da conversa oral, proporcionar un modelo de corrección lingüística e achegar o alumnado e profesorado á cultura do seu país.

A dedicación semanal será de doce horas lectivas. A xornada poderá concentrarse en catro días á semana. Na asignación de grupos terase en conta a atención ás seccións bilingües, programa CUALE e desdobres sinalados polo departamento de Inglés, que ademais se ocupará da coordinación do programa.

As persoas auxiliares de conversa realizarán as seguintes funcións ([ORDE do 12 de maio de 2011](#)):

- Posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado.
- Achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas.
- Proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua estranxeira correspondente.
- Colaborar co profesorado na elaboración de materias didácticos na lingua estranxeira correspondente.
- Colaborar nas actividades e nos proxectos internacionais en que participe o centro.
- Apoiar o alumnado cos medios informáticos ou audiovisuais necesarios para a mellora da lingua oral

5.3. Programa CUALE



Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado como preparación para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas.

No centro veñen desenvolvéndose as modalidades CUALE A2, dirixido ao alumnado de 4º. ESO; e CUALE B1, para alumnado de Bacharelato. As actividades lectivas realízanse fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar, impartidas polo profesorado do departamento de inglés e o apoio da persoa auxiliar de conversa.

O número de alumnado para a constitución dos grupos nas distintas modalidades será de entre 10 e 20. Excepcionalmente poderá autorizarse a constitución de grupos cun número inferior de alumnado.

5.4. Outros (proxectos europeos)

Neste eido existe unha maior oferta formativa dirixida ao alumnado e ao profesorado aos que os departamentos ou membros da comunidade educativa implicados poden acceder. Citamos, por exemplo, os programas de inmersión lingüística; pero, sobre todo, os proxectos de carácter europeo e os intercambios pola súa importante repercusión na mellora da calidade educativa do centro.

6. Atención á diversidade

En cando á diversidade lingüística, salientamos as seguintes medidas que ao longo dos últimos cursos se veñen aplicando no noso centro:

6.1. Medidas adoptadas para o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas

O alumnado dos cursos primeiro e segundo ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de lingua, poderá quedar exento de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira. Recibiren neste caso un programa de reforzo.

- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas

Destinados ao alumnado de 1º ESO que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso.

Pola dispoñibilidade de profesores no noso centro veñen repartíndose os programas de reforzo baseados nos mínimos esixibles da área de Lingua Castelá en 1.º ESO e da área de Lingua Galega en 2.º ESO.

Teñen unha atribución horaria de dúas sesións semanais coincidentes no grupo de referencia coa materia de Francés, da que estes alumnos estarán exentos.

- Apoios por parte do mestre PT dentro e fóra da aula

Afecta principalmente ao alumnado que recibe o programa de reforzo e/ou a exención en 2LE. Co alumnado que xa coñecemos de cursos anteriores comézase a traballar antes da avaliación inicial.

- Exención da 2.º Lingua Estranxeira

O alumnado de primeira matrícula en 1.º ESO no instituto deberá contar cos informes pertinentes da persoa titora da etapa anterior. Na avaliación inicial, cos informes de Orientación e a persoa titora, poderanse considerar outros casos de exención.

Os repetidores de 2.º ESO, de non contaren no seu momento coa exención en 1.º ESO, poderán solicitar acollerse a esta medida logo da avaliación inicial de profesores e dos informes da persoa titora e o departamento de Orientación.

A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oída a opinión da familia.

Para o alumnado repetidor de 3º e de 4º cursos existen outras posibilidades como seguir un programa específico personalizado segundo as condicións que se fixen no Plan de Atención á Diversidade.

- Desdobramentos de grupos na materia de 2LE

Poderanse desdobrar, tendo en conta a normativa LOMCE, os grupos da ESO e de Bacharelato na materia de Inglés e nos grupos bilingües e non bilingües dentro da aula. Deste xeito un docente permanece na aula cunha parte do alumnado proposto para este desdobre mentres o resto do alumnado traballa con outro docente.

Fóra do horario escolar, o centro conta desde hai varios cursos, a través dos denominados Contratos-Programa, con actuacións que reforzan a atención á diversidade neste terreo. Dentro delas, a mellora da competencia lingüística e comunicativa ten sempre un valor importante. Trátase dos seguintes programas:

Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia

Con esta actuación tratarase de darlle resposta ao alumnado con maior capacidade e motivación para aprender. Supón unha medida de atención á diversidade na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado.

Estas iniciativas traduciranse na planificación de diferentes obradoiros nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final. Pódense canalizar a través desta vía as semanas culturais ou científicas, a participación en programas educativos externos ao centro e, en xeral, o traballo por proxectos.

Obxectivos:

Atender o alumnado con maior motivación e capacidade para aprender, de xeito que se lle ofrezan respostas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses co fin de seguir avanzando na súa aprendizaxe e na adquisición de competencias.

- Mellorar os niveis de rendemento e os resultados deste alumnado para desenvolver ao máximo o seu potencial de aprendizaxe e elevar os niveis de excelencia do sistema educativo.
- Potenciar a adquisición de competencias a través do traballo por proxectos.
- Impulsar o interese do alumnado polo traballo cooperativo.

Reforzo, Orientación e Apoio (PROA)

O PROA é un proxecto de cooperación territorial entre o MEC e as Comunidades Autónomas que ten a finalidade de abordar as necesidades asociadas ao entorno socio-cultural do alumnado mediante un conxunto de programas de apoio ós Centros Educativos. O plan PROA ofrece recursos ós centros educativos para contribuir a debilitar os factores xeradores da desigualdade e garantir a atención aos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e prever os riscos de exclusión social. Perséguese tres metas: acadar o acceso a unha educación de calidade para todos, enriquecer o entorno educativo e implicar á comunidade local. A priori temos en conta unha serie de criterios de selección e acceso do alumnado dos cursos de 1º e 2º ESO a este programa para acadar os seguintes obxectivos:

- Potenciar o aprender a aprender, as competencias chave e mais o rendemento escolar destes alumnos mediante a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo. Propóñense formas e técnicas de estudo e traballo eficaces, mellora en habilidades e actitudes asociadas á lectura e ao reforzo de coñecementos e destrezas nas áreas instrumentais.
- Mellorar a súa integración social, no grupo e no noso instituto.
- Facilitar a transición do centro de primaria ao instituto.
- Ser un apoio, complemento e continuidade para poder solucionar as dificultades de aprendizaxe que atopan frecuentemente no seu traballo diario.

6.2. Medidas de acollemento ao alumnado procedente doutras comunidades ou países

A determinación das necesidades de cada alumno ou alumna farase a través da avaliación inicial que se debe realizar con carácter xeral no momento da incorporación ao sistema educativo. Por regra xeral, todo o alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou de descoñecemento de calquera das linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma deberá seguir un *programa específico personalizado* ata que o progreso na súa competencia curricular así o aconselle.

Polas características do noso centro, as medidas necesarias adoitan centrarse na exención da lingua galega. Ata o momento non foron necesarias outras actuacións como a creación de grupos de adquisición de lingua ou, na educación de adultos, galego/castelán para inmigrantes.

- Exención da cualificación das probas de lingua galega

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia na ESO ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares.

Para as condicións en que se ha presentar e conceder esta medida remitímonos ao procedemento [ED332A - Exención da materia da lingua galega no ensino non universitario en Galicia.](#)

- Incorporación tardía

En xeral, co alumnado que se incorpora durante o curso seguiranse as pautas recollidas anualmente no Plan de Orientación:

- Recollida de documentación: Secretaría.
- Entrevista coa familia: Orientación e Xefatura de Estudos.
- Adscrición a un curso segundo os seguintes criterios:
 - Idade do alumno: intentarase que non haxa máis dun ano de diferenza co alumnado do grupo de referencia.
 - Momento do curso no que se produce a incorporación (1º , 2º ou 3º trimestre).
 - Outros: grao de competencia oral e escrita na lingua castelá e na lingua cooficial, escolarización previa (cualificacións anteriores) e características dos grupos de referencia (número de alumnado con neae e alumnado da súa mesma nacionalidade).
- Presentación e seguimento de titoría.

7. Estratexias e actividades para a mellora da competencia comunicativa oral e escrita do alumnado

Aínda que o PLC contempla unha serie de actuacións que implican ámbitos de intervención distintos, neste punto ímonos centrar nas interdisciplinares, isto é, comúns a todas as áreas do currículo. Para as actuacións específicas das áreas lingüísticas remitímonos ás correspondentes programacións didácticas.

7.1. Necesidade de fomentar a competencia lingüística en todas as áreas de coñecemento curriculares

Parece claro que ensinar a escribir non é responsabilidade unicamente do profesor de lingua e non se aprende a escribir só nas horas destinadas a esta área nas programacións. A escritura é ferramenta de construción do saber e non só instrumento para expresalo. Lectura e escritura, unidas á fala e á escoita, son requiridas tanto para a consecución doutras aprendizaxes – científicas, humanísticas ou artísticas- como para a vida cotiá.

“Coñecer” a técnica de escribir apréndese nas clases de lingua; pero para “dominar” a técnica da produción e interpretación de textos é imprescindible a contribución do resto das áreas curriculares. Desde o achegamento a esta concepción da linguaxe despréndese a asunción da competencia lingüística como un contido transversal, introducido nos deseños curriculares de todas as áreas e outros ámbitos docentes.

7.2. A mellora das habilidades básicas

7.2.1. Mellora da expresión escrita

A demostración máis frecuente do resultado da aprendizaxe na escola adoita ser un texto escrito e o éxito ou o fracaso adoita estar ligado á capacidade para redactar un texto coherente en relación cos contidos das materias escolares. Só considerando esta posibilidade (á que habería que engadir a importancia do texto escrito nas relacións sociais, o mundo do traballo ou da internet), contribuír a que os nosos estudantes sexan capaces de producir textos escritos de calidade é unha obriga á cal ningún docente pode renunciar.

O alumnado debe producir textos escritos de carácter diverso, axeitados a distintos contextos socioculturais, a distintas áreas curriculares: textos creativos (redacción de relatos que actualicen, mesturen ou transgredan a versión orixinal, obradoiros de escritura creativa...), textos para a vida cotiá, redacción de informes ou exposición de contidos, redacción de cartas (familiares, oficiais, comerciais, circulares...), redacción de textos xornalísticos informativos e de opinión, redacción de textos de uso social (acta, reclamación, instancia, instrucións, declaración xurada...), informes, crónicas históricas, biografías de personaxes, textos discontinuos que inclúan gráficos ou elementos icónicos, hipertextos (a súa propia web, mensaxes de correo, diálogos en foros e chat...), etc.

Para realizaren esta tarefa, os escritos que solicitemos aos nosos estudantes deben estar planificados e inseridos nun bloque temático que lles dea sentido; deben integrarse como unha tarefa máis, programada para adquirir a consecución dos obxectivos da materia. Para iso, é importante considerarmos o proceso de escritura (planificación, textualización e revisión) e as técnicas da composición de textos (coherencia, cohesión, adecuación ao lector, etc.). Escribir un texto non é un acto de improvisación, senón un logro cognitivo e cultural de gran complexidade.

Tanto as áreas lingüísticas como as non lingüísticas poden contribuír ao desenvolvemento destas estratexias a partir das súas respectivas responsabilidades. Así, supoñamos que o docente de *Cultura Científica* de primeiro de bacharelato está traballando coa súa clase o tema do cambio climático e o quecemento global; logo de realizar tarefas habituais

propias da materia como ler artigos xornalísticos e científicos, visionar algúns vídeos ou documentais relacionados co asunto, e se cadra ter suscitado na clase un debate sobre as causas e as consecuencias, o profesor podería propor un exercicio de produción textual coa idea de recompilar toda a información traballada.

Con tal intención, desde as áreas lingüísticas poderíase traballar previamente o resumo científico, o mapa conceptual ou o informe de investigación.

O compromiso de escritura correcta

Todos os departamentos asumiron no curso 2013-2014 o compromiso de mellora nunha das habilidades básicas na lingua como é a expresión escrita e deberon incluír entre os seus criterios de avaliación o referido á corrección lingüística. No seo do claustro aprobouse que todos os profesores poderían e deberían restar un 10% como máximo da nota de calquera produción textual (exame, actividade, traballo...) referido a:

- Respecto da norma ortográfica: erros na escritura de grafías, tiles ou puntuación.
- Corrección léxica e gramatical: vocabulario adecuado, evitar repeticións, concordancias, emprego de formas verbais.
- Presentación dos escritos: caligrafía, pulcritude e limpeza, marxes, separación en párrafos...

Nas áreas de Lingua castelá e Lingua galega a porcentaxe a restar consensuouse que fose algo maior: ata 15% na ESO e ata 20% no bacharelato.

Pautas de presentación dos traballos de investigación

Desde todas as materias intentarase fomentar o traballo de investigación conforme a diversas modalidades que dependerán do nivel académico do alumnado: procura puntual ou ocasional sobre contidos traballados nas unidades didácticas (dicionario, enciclopedia, manual...), pequeno traballo de indagación (orientado a partir de preguntas-guía), traballo dirixido de procura de fontes a partir dunha bibliografía determinada ou enderezos da internet ou o gran traballo de investigación autónomo de procura de fontes sen orientación bibliográfica.

Froito da necesidade de proporcionar ao alumnado unhas pautas de elaboración e presentación deste tipo de textos escritos, propuxéronse hai xa uns cursos as seguintes recomendacións.

7.2.2. A mellora da comprensión escrita

Se a expresión e comprensión oral son as actividades lingüísticas máis frecuentes fóra e dentro da escola, a comprensión lectora é a actividade lingüística máis ligada tradicionalmente ao estudo e ao estatus propio das actividades académicas. Unha parte importante da información coa que deben traballar os nosos estudantes é o texto e da súa comprensión depende, en boa medida, o éxito escolar.

Neste sentido, debe ser unha prioridade absoluta ofrecer ao alumnado diversos tipos de produtos textuais, xa sexa para leros e comprendelos como para producilos. Como é obvio, cada materia ou área de coñecemento céntrase nuns tipos de texto determinados que lle permiten desenvolver a especificidade que lle é propia: exposición técnica, divulgativa ou descritiva, argumentación científica ou humanística, narración literaria ou histórica, crónica histórica ou deportiva, producións dialogadas (entrevista, enquisa, conversa informal...) ou produtos monodialóxicos (conferencia, charla, clase maxistral...). De igual forma, débese intentar incluír tanto textos continuos como discontinuos así coma hipertextos ou textos para ser lidos na rede. Para rematar, a selección de materiais de lectura debería incluír unha diversidade de xéneros (literarios, publicitarios, profesionais...), seleccionando manifestacións de diversos rexistros, formal e informal, xergas, linguas da rúa, linguaxe xuvenil, etc.

A partir deste textos, o docente pode suscitar actividades de comprensión literal, inferencial ou interpretativa. É dicir, debemos procurar que as tarefas que propoñamos sobre un texto escrito –aínda que isto tamén se pode aplicar ao texto oral- requiran tanto a comprensión literal (preguntas de memorización sobre datos ou conceptos que o estudante contesta relendo o escrito) como actividades para que o alumno extraia, deduza ou infira referencias que non están explícitas neste. Finalmente, é importante deseñar tarefas e actividades nas cales o estudante deba expresar a súa opinión, interpretar, enxuzar o que le, comparalo con outras situacións da vida e demostrar que é capaz de distinguir o que é un feito obxectivo dunha opinión máis ou menos subxectiva.

Para rematar, o centro conta cun recurso fundamental para o desenvolvemento da comprensión lectora e o hábito lector: a biblioteca.

7.2.3. A mellora da expresión oral

En canto á expresión oral, é importante recoñecer que calquera contido escolar, académico ou científico é susceptible de traballarse por medio desta habilidade lingüística sen que iso supoña “perder tempo para a nosa materia”. Cómpre matizarmos que non se trata de “falar” simplemente; trátase de axudar a que os nosos alumnos controlen tanto as situacións de comunicación oral informais como, fundamentalmente, as formais, mediante unha planificación adecuada dos obxectivos didácticos que se pretenden conseguir ao longo do período de escolarización.

Non fai falta buscar moitos recursos afastados da nosa práctica diaria para poñermos en uso esta destreza. Formulemos unha situación comunicativa real onde se explícita un tipo de texto específico: a instrución oral. Supoñamos que en clase de Educación Física cada estudante debe preparar o quentamento dos seus compañeiros e compañeiras e debe poñer en xogo, xunto coa información e as explicacións propias da materia, unha serie de instrucións orais necesarias para levalo a cabo; sería posible entón preparar algún mecanismo de regulación da interacción para valorar se a instrución foi explicada de xeito adecuado (se seguiu un proceso ordenado e secuenciado, se se empregaron conectores que expresen orde, se se usaron os tempos verbais apropiados, se o vocabulario dese acto comunicativo foi o idóneo). Con tal fin, poderíase someter a intervención á valoración por parte do grupo de estudantes mediante unha

grella de avaliación; deste xeito, a interacción será analizada por todos os compañeiros e compañeiras co fin de valorar os aspectos positivos e mellorar os aspectos deficitarios (xa sexa referido á habilidade lingüística, como relacionado co contido propio da materia).

En todo caso, o desenvolvemento da expresión oral pasa por dar voz aos estudantes e permitirlles falar en clase. Isto esixe, por unha banda, deseñar tarefas nas cales a exposición oral teña unha certa importancia; doutra banda, esixe xestionar a aula de tal forma que a interacción en parellas ou pequenos grupos, que é a base da aprendizaxe efectiva, contribúa ao desenvolvemento da oralidade, para o que o uso de estratexias de aprendizaxe cooperativa ou as gravacións en audio durante o traballo poden contribuír ao éxito da tarefa.

Realización de exposicións orais planificadas

Somos conscientes da enorme importancia das exposicións orais no contexto escolar e de que a súa práctica supón unha das aprendizaxes máis complexas. En todas as áreas, explicar, por exemplo, os contidos dun traballo de investigación, ou simplemente, expoñer o aprendido nas clases anteriores require un esforzo superior ao que se fai escribindo ou contestando preguntas moi concretas. A aprendizaxe faise explícita cando somos quen de explicar a outros o aprendido e, neste caso, a exposición oral é un exercicio académico no que se poñen en funcionamento varias competencias que non incumben só ao lingüístico, senón tamén a capacidades que teñen que ver coa organización do pensamento, a concentración, a planificación de textos, a exemplificación, a conceptualización, a escolma de información, o dominio da materia e dos recursos lingüísticos e non lingüísticos... Cando un alumno realiza unha exposición oral formal sobre un tema do currículo dunha área, o procesamento e mais a transmisión da información que conleva preparar a intervención supón que ese alumno ha ter que escoitar os textos expositivos orais que lle serviron como modelos para preparar o seu propio, así como escoitar as exposicións dos compañeiros, ler textos de distinto tipo, principalmente informativos, escribir e anotar a información obtida, organizar dita información dun texto expositivo previo, que é o que se vai oralizar, aprendelo e expoñelo.

Achéganse como documentos anexos varios exemplos de rúbrica para avaliar as exposicións orais dos alumnos. Sería conveniente que cando un alumno/a expoña, o resto dos compañeiros teña esta pauta diante e avalíe a interacción daquel. Esta suxestión pode achegar dúas vantaxes: que o alumno/a coñeza cales son os descritores cos que se vai ser avaliado e poder orientar a súa produción do xeito máis adecuado; e, ademais, manter un bo clima de traballo na aula pois para poder valorar a intervención doutra persoa é preciso colaborar cunha escoita atenta e significativa.

7.2.4. A mellora da comprensión oral

Se hai unha actividade lingüística frecuente na escola (e fóra dela), esa é a comprensión oral. Pasamos boa parte do noso tempo recibindo pola canle auditiva información que procesamos en diversos planos e niveis de detalle. Neste sentido, as actividades de comprensión oral han de centrarse en cuestións como a valoración do recoñecemento das palabras clave e idea principal, a identificación da finalidade comunicativa do texto, a extracción das ideas secundarias, a distinción das intencións implícitas, o recoñecemento de conceptos ou datos específicos da área, etc.

As actividades propostas abranguen distintas fontes e xéneros: programas de radio e televisión (crónica deportiva, noticia, documentais, reportaxe...), visionado de montaxes audiovisuais (vídeos, material multimedia, películas...), discursos científicos, institucionais, políticos, charlas e conferencias celebradas no centro; anuncios publicitarios orais, cancións, textos literarios e de uso social (actas, discursos, conferencias...), etc.

Neste sentido é recomendable apostar pola creación dunha fonoteca no centro, que do mesmo xeito que unha biblioteca, reúna un banco de materiais, neste caso auditivo e audiovisual, co que traballar a dimensión oral das linguas. Ademais, esta fonoteca permitiría conservar gravacións realizadas polos estudantes, tanto en formato de audio coma de vídeo: exercicios de clase, debates planificados, xogos de dramatizacións, etc., así coma actos que se realicen no centro (conferencias, recitais, escenificacións teatrais, celebracións...) susceptibles de ser obxecto de reflexión en clase. Precisamente, a incorporación das TIC no ensino de linguas permite recoller e almacenar con grande facilidade podcasts, vídeos e outros exemplos de textos orais para a súa utilización na clase.

8. Proxecto Lector

Neste apartado contamos cun punto de partida importante no Proxecto Lector aprobado no curso 2009-2010. Ao longo destes anos, o centro incorporouse ao Plan de Mellora de Bibliotecas de Galicia, púxose en marcha a HORA DE LER e participamos na convocatoria anual de Clubs de Lectura, entre outras actividades significativas.

No ano 2010 realizouse unha enquisa sobre as prácticas de lectura de todo o alumnado. Resultaría interesante repetila para avaliar os progresos do proxecto lector nestes anos e diagnosticar de xeito obxectivo as necesidades das novas promocións nunha realidade cambiante. Con todo seguimos detectando a necesidade de potenciar a lectura e traballar a lectura comprensiva. Entendemos que o fomento da lectura forma parte incuestionable da mellora da competencia lingüística do noso alumnado. Para resolver calquera exercicio, problema ou cuestión hai que ler, entender e asimilar o enunciado. Debe ser, polo tanto, unha responsabilidade asumida por toda a comunidade educativa, incluídas as familias ás que se debe facer partícipes da súa importancia na formación lectora.

Todas as medidas que se programen deben ir encamiñadas a provocar no noso alumnado a querencia pola lectura, sexa cal sexa a finalidade que pretendamos con elas. Para iso, os docentes necesariamente teremos que querer ser modelos de profesores/as lectoras, practicar a lectura compartida e crear espazos e situacións para familiarizar os nosos alumnos cos libros: falar deles e manexalos na aula e na biblioteca escolar.

O obxectivo é formar *lectoras/es competentes* que buscan, deciden, valoran, seleccionan, len comprensivamente, saben interpretar o que len, son capaces de emitir xuízos críticos, reformulan e transforman contidos, comunican eficazmente... todo o que sociedade actual esixe de nós como cidadáns. Para todo isto, partimos dos seguintes principios xerais:

- O fomento da lectura é tarefa de todos os que temos responsabilidades na educación: pais, nais e docentes.
- A lectura é unha materia transversal de todas as áreas do currículo e a ferramenta indispensable para a aprendizaxe de todas as materias.
- Os alumnos (e os profesores) deben ler na clase, durante as horas lectivas, de forma individual e colectiva.
- A resposta á pregunta “Para que ler? Debe ser plural: para aprender, para cultivar a expresión oral e escrita, para satisfacer a curiosidade, para desenvolver a capacidade de investigación persoal, para resolver dúbidas puntuais, para dar resposta a intereses persoais, para pór en marcha a imaxinación, para sentir, gozar e comprender o mundo que nos rodea...
- A lectura debe ir ligada á escritura (expresión escrita, ortografía, técnicas de presentación de traballos, vocabulario) e á expresión oral, polo que estas actividades deben traballarse de forma conxunta.
- As campañas de fomento da lectura (HORA DE LER ou outras) deben ser asumidas por todo o claustro.
- O papel da familia é fundamental á hora de reforzar as tarefas lectoras que se fan no centro.

- Nesta tarefa a biblioteca do centro en un papel destacado. Debe converterse en punto de referencia aglutinador de todas as actividades que fomenten a lectura e a busca e o tratamento da información.

8.1. Obxectivos xerais do Proxecto Lector

1. Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
2. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica en todo tipo de soportes, con todo tipo de finalidades.
3. Mellorar os índices lectores dos alumnos.
4. Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
5. Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
6. Potenciar a valoración das competencias lingüísticas en disciplinas non especialmente lingüísticas.
7. Incorporar a lectura como un método de formación integral do alumno: educar en valores, curiosidade por outras culturas e civilizacións, reflexión sobre problemáticas actuais.
8. Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
9. Concienciar a toda a comunidade educativa da relevancia do hábito lector e do traballo en común para melloralo.
10. Sensibilizar ás familias na importancia que ten o hábito lector na educación dos seus fillos e fillas.

8.2. Liñas de traballo e actividades prioritarias

Para os vindeiros anos consideramos prioritario seguir as liñas de traballo xa comezadas e incluírmos actividades derivadas da inclusión das competencias clave no currículo educativo ou a aposta polo traballo por proxectos de xeito interdisciplinar.

- Plan de Mellora da Biblioteca Escolar

A incorporación ao denominado PLAMBE e mais a inclusión na rede de Bibliotecas Escolares de Galicia foi un importante revulsivo. Supuxo entre outras vantaxes a renovación do mobiliario ou a ampliación de servizos bibliotecarios como por exemplo o OPAC Meiga.

Neste momento resulta indiscutible a continuidade dentro destes programas oficiais aumentando a súa publicidade e coñecemento entre toda a comunidade educativa. Asemade, cando se considere oportuno,




tamén se deberá valorar a incorporación a outros proxectos como a introdución de libros dixitais, programa de voluntariado, maletas viaxeiras...

- **HORA DE LER + Conta comigo (cálculo)**

Trátase de dedicar vinte minutos ao día á lectura nos cursos da ESO. Segue un sistema rotatorio: a primeira semana, a primeira hora; a segunda semana, á segunda hora e así sucesivamente. Deste xeito distribúese equitativamente entre todas as materias. O calendario adoita figurar exposto nas portas de cada aula.

Desde hai dous cursos, complementouse nalgunhas sesións semanais coa actividade de cálculo mental Conta Comigo coordinada polo departamento de Matemáticas.

En xeral, estas son as condicións:

	<p><u>Só para ler.</u> Son <i> vinte minutos</i> de lectura non utilizables para realizar outras tarefas (estudar, deberes...).</p> <p><u>Lectura libre.</u> Cada un elixirá o que quere ler. O profesor/a pode recomendar lecturas e vixiar o contido das publicacións.</p> <p><u>Individual e silenciosa.</u> É importante manter o silencio para permitir a concentración na lectura. Cando o grupo o decida, poderase ler en voz alta. Se alguén non quere ler deberá estar calado ata que o profesor lle subministre outras tarefas relacionadas coa lectura ou a escritura.</p> <p><u>Os profes tamén len.</u></p>
---	--

- **Aprendizaxe baseada en proxectos (ABP)**

- Investigación e tratamento da información (2.º ESO)

- **Almacén de materiais**

- Rúbricas e escalas de avaliación.
- Traballos de investigación escolar.
- Formación de usuarios.
- Publicacións propias (Abrapalabra, Cartafol da lingua...)

- **Organización de espazos para a lectura**

- Biblioteca escolar
- Bibliotecas de aula

A biblioteca escolar é, sen dúbida, o espazo por excelencia para a lectura na medida en que satisfai as necesidades dos lectores e preséntalles novas ofertas.

A biblioteca estará aberta nos recreos para atender préstamos, devolucións e renovacións. Durante o horario lectivo, a biblioteca ten unhas horas fixas asignadas a

determinadas clases; o resto das horas pode ser ocupada por calquera grupo que o precise, ben para buscar información puntual, ben para traballar nos ordenadores.

As liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar serán as seguintes:

- A biblioteca será a encargada de comprobar a existencia de exemplares suficientes das lecturas obrigatorias.
- Porá en coñecemento das bibliotecas da contorna a listaxe de lecturas obrigatorias.
- Será a encargada da formación de usuarios.
- Elaborará os carnés.
- Rexistrará e catalogará os fondos.
- Levará o control dos libros entregados fóra de tempo.
- Dará a coñecer as novas adquisicións.
- Posibilitará o préstamo dos lotes de libros ás diferentes aulas.
- Atenderá as peticións dos distintos departamentos no que atinxe ás compras de libros ou outros materiais.
- Elaborará recursos que poidan ser utilizados polo alumnado e profesorado.
- Elaborará boletíns e recomendacións de lecturas.

8.3. Metodoloxía

8.3.1. Actuacións comúns de todo o profesorado

Sempre que se planifiquen nas aulas actividades de lectura, intentarase que sexan textos adecuados á situación de comunicación na que se está a traballar, e se non teñen relación cos temas traballados, contextualizarase a lectura facendo unha presentación previa do fragmento ou texto completo explicando os obxectivos que se van traballar con el, os contidos e as actividades.

Teremos en conta que os obxectivos e finalidades da lectura poden ser varios, e a actuación previa á lectura adaptarse a estes obxectivos:

- Evadirse, encher o tempo de lecer.
- Buscar unha información concreta.
- Seguir unha pauta ou instrucións para realizar determinadas actividades.
- Informarse dun determinado feito.
- Confirmar ou refutar coñecementos previos.
- Aplicar a información obtida da lectura para realizar un traballo.

8.3.2. Ensino das estratexias lectoras.

As estratexias lectoras que se traballarán son as seguintes:

8.3.2.1. Antes da lectura

Saber para que lemos un texto:

- Para obter unha información precisa, por exemplo para buscar unha data de nacemento ou dun feito histórico sinalado; para consultar unha determinada información nun periódico; para buscar unha palabra nun dicionario.
- Para seguir unhas instrucións: cando o profesor ou profesora redacta as instrucións para facer un traballo; para comprender como son os pasos para realizar determinados experimentos.
- Para obter unha información de carácter xeral, é dicir, extraer as ideas xerais dun texto. Se hai que elaborar unha monografía, por exemplo, deben seleccionarse de entre todas as obras as que estean máis acordes co noso propósito e por iso primeiro debemos ter unha idea ampla delas.
- Para aprender algo. A lectura será máis pausada e atenta.
- Revisar un escrito propio.
- Por pracer.
- Para comunicar un texto a un auditorio.
- Para practicar a lectura en voz alta.
- Para dar conta de que se comprendeu.

Activar os coñecementos previos:

- Dar algunha información xeral sobre o que se vai ler.
- Axudar ao alumnado a fixarse en determinados aspectos do texto que poidan activar os seus coñecementos previos.
- Animar ao alumnado a que expoña o que coñecen sobre o tema.

8.3.2.2.. Durante a lectura:

- Lectura compartida:

- De profesor e alumno e, tras a lectura, o profesor fai un resumo do lido, pide aclaracións ou explicacións sobre determinadas dúbidas que xera o texto; formula preguntas; establece predicións sobre o que queda por ler... Intentarase que o alumnado sexa lector activo, que constrúa unha interpretación do texto a medida que o le.

- Lectura independente:

- Proporcionar ao alumno materiais preparados co propósito de que practique pola súa conta algunhas estratexias que se ofreceron na lectura compartida.

-Presentar textos con lagoas, textos aos que lles faltan palabras que deben ser inferidas polo lector.

8.3.2.3. Despois da lectura:

- Idea principal

É importante ensinar a identificar a idea principal dun texto en función dos obxectivos de lectura que se perseguen. Para iso explicárase en que consiste a idea principal e exemplifícase cun texto coñecido; actívanse os coñecementos previos relevantes e recordárase por que se vai ler ese texto; centrárase a atención do alumnado no que se busca, sinalando de que trata o texto que se vai ler, e finalmente buscárase outra idea principal que atenda a outro obxectivo de lectura.

- Resumo

Teremos en conta as catro regras que os lectores utilizamos para resumir o contido dun texto:

-Omitir aquela información que para os propósitos da lectura se pode considerar pouco importante.

-Seleccionar a información importante e suprimir a que resulta obvia, redundante e innecesaria.

-Xeneralizar, é dicir, abstraer dun conxunto de conceptos un de nivel superior capaz de englobalos.

-Construír unha nova información que substitúa á anterior e integrala nos nosos coñecementos.

Non debemos esquecer que o resumo debe conservar o significado xenuíno do texto do que procede, pero tan pouco útil resulta que o resumo sexa unha case reprodución do texto, como que sexa tan xeral que non aporte a información específica daquel.

- Formular e responder preguntas pertinentes, coherentes co obxectivo que se persegue mediante a lectura. Poden ser:

-Preguntas de resposta literal no texto.

-Preguntas nas que a resposta require que o lector relacione diversos elementos do texto e que nalgún grao realice inferencias.

-Preguntas nas que a respostas esixen a intervención do coñecemento e opinión do lector.

8.4. Actividades

8.4.1. Lectura nas áreas de lingua

Exercicios de predición para estimular ao alumnado.

- Establecer predicións sobre o texto.

- Realización dun cuestionario sobre hábitos e gustos de lectura de cara á escolla de textos e libros.
- Imaxinar cal pode ser o argumento dun libro a partir da portada ou do título.
- (De aplicación á escrita). Facer unha listaxe de palabras (adxectivos, substantivos, verbos...) que se pense que aparecerán nun texto do que só se coñece o título.

Exercicios despois de feita a lectura

- Fichas de lectura coas que facemos un arquivo.
- Realización de lecturas equivocadas para que investiguen o que é incorrecto (cambiarlle o nome a personaxes, o lugar onde transcorren os feitos...).
- Presentación dos personaxes dun libro debuxados e despois eles teñen que saber con quen se corresponden.
- “Están ou non están?” Mesturar personaxes reais dun libro con outros inventados para que indiquen cales son falsos.
- Facer fichas con frases dos personaxes dunha obra para que indiquen quen son.
- O Combate: dividilos en grupos; cada grupo preparará tres preguntas sobre o libro de lectura/ou un texto que leran todos. Gaña o grupo que máis preguntas dos demais responda.
- Gravación de lecturas en formatos mp3.
- Comparación de textos
 - Diferentes descrições de personaxes/paisaxes...
 - A mesma noticia en varios periódicos.
 - Textos (ou o mesmo texto) con diferentes rexistros formais.
- Lectura dramatizada de textos teatrais
- Conversión de textos poéticos, narrativos... en pezas de teatro

8.4.2. Lectura na sesión (semanal, diaria...) de lectura

- Propor unha listaxe de libros de temática diversa. Acompañar a lista dunha reseña ou resumo para que o alumnado poida elixir con algún criterio o libro que van ler.
- Propoñer a lectura dun libro e o encontro co autor dese libro. Comentario de fragmentos doutros libros do mesmo autor na aula.
- Lectura na aula de clásicos adaptados.
- Creación de antoloxías de poemas (por temas, xeracións ou etapas).
- Lectura de narracións breves, de autores e temática diversa na aula.

- Acudir á representación dunha obra teatral e facer unha crítica teatral onde se recollan aspectos literarios e espectaculares.

- Propoñer a redacción dunha carta dirixida ao autor/a da obra, lida na aula, facendo un comentario crítico da mesma e formulando preguntas das que ao alumnado lle interesen as respostas.

8.4.3. Lectura nas áreas restantes

- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.

- Intervencións sobre o vocabulario vangardista para o alumnado ou específico da temática a tratar.

- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.

- Lectura selectiva de textos propostos polo profesorado en soporte informático.

- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

8.4.4. Apoio ao alumnado

Aquel alumnado que presente carencias nos hábitos lectores recibirá apoio específico segundo as súas dificultades, con actividades concretas tendentes á superación das mesmas.

8.4.5. .Proposta de actividades de animación á lectura

- Continuidade do Club de Lectura.

- Creación dun blog de biblioteca.

- Gravación de lecturas en formato mp3.

- Facilitar textos amenos aportados polo profesorado, dentro da biblioteca de aula, en situacións imprevistas ou planificadas.

Creemos na animación que pretende acadar:

- A comprensión da obra máis alá do argumento.

- A adquisición da capacidade de escoita, comprensión e retención.

- O desenvolvemento da capacidade analítica e creativa: repetir e recrear a partir do contado ou lido.

- A relación do oral co escrito.

- A evolución na lectura activa e pasiva.

8.5. Recursos e organización

Para afrontar a nosa tarefa lectora contamos cos seguintes recursos:

1. A Biblioteca do Centro. Configurarase como centro de recursos e como ferramenta importante de apoio curricular. Punto de referencia para o fomento da lectura, a busca e o tratamento da información.
2. 2. As Seccións da biblioteca nas aulas e outros espazos do centro. A Biblioteca abastecerá de materiais ás aulas, facilitará os préstamos de libros para a “Hora de Ler” e coordinará a elaboración de materiais para traballar a lectura en voz alta e a comprensión lectora.
3. 3. As Bibliotecas públicas de Ares e Mugardos (incluídas a da Sociedade de Amigos da paisaxe do Seixo ou a do Casino mugardés), así como outras bibliotecas escolares, coas que procuraremos compartir o material que poñemos a disposición do alumnado e as familias.
4. 4. Aulas de informática de centro. Pretendemos incorporar as TICs ao fomento da lectura e á busca e ao tratamento da información.

Tentaremos que o Proxecto Lector sexa un labor interdepartamental. O feito de traballarmos un tema común axudaranos a darlle uns contidos curriculares a ese momento de lectura. Pensamos que sería adecuado traballar nun tema común por trimestre.

O profesorado de todas as materias incluírá na súa programación as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura. A través da reunión de titores semanal canalizarase a coordinación entre os distintos niveis.

Segundo a liña marcada ata agora, as actividades de fomento da lectura, entre as que está o Club de Lectura, seguirán sendo voluntarias. Dentro das de fomento da lectura, as referidas ao contacto con escritores/as ou as actuacións de contacontos son de asistencia obrigatoria.

En canto ao tempo dedicado á lectura na aula, propoñemos comezar a HORA DE LER con vinte minutos diarios rotando as horas (á primeira hora na primeira semana, á segunda hora na segunda semana etc.)

-Dedicar as horas de titoría á lectura (sempre e cando non haxa cuestións que tratar propias desta actividade). Os titores interesados contarían co asesoramento do Equipo da Biblioteca que recomendaría lecturas para que poidan ser lidas nas titorías polo profesor, algún alumno ou mesmo se podería por en práctica nas titorías actividades de animación lectora como “Este é o meu libro favorito”

-Posibilitar a dedicación de tempo para a lectura nas gardas. Os profesores interesados en colaborar terían o asesoramento de Equipo da Biblioteca, do mesmo xeito que os titores.

-Implicar aos pais e nais desde as titorías e a Biblioteca para que nas casas se pauten un tempo de dedicación semanal (por exemplo, tres días á semana un mínimo de media hora á lectura). É un obxectivo para o vindeiro curso implicar aos pais propoñéndolles, entre outras cousas, a súa colaboración no Club de lectura.

8.6. Criterios e procedementos de avaliación

Consideramos que se debe avaliar por separado:

a) O proxecto:

Cómpre valorar o grao de satisfacción do profesorado co mesmo, así como as suxestións de mellora que se acheguen.

Para levar a cabo esta avaliación, pensamos que a canle debería ser a CCP, na que os Xefes de Departamento, unha vez analizada a súa aplicación nas reunións oportunas, informarán sobre o mesmo.

b) As actividades:

b.1.- Voluntarias:

Nestas actividades valorarase o grao de participación do alumnado que indicará a súa acollida. Terase en conta o horario, xa que se van a realizar no tempo de lecer e, polo tanto, interesa manter implicada a unha parte do alumnado, que vai ser a que máis participe nelas.

b.2.- Obrigatorias:

Nestas actividades valorarase a acollida, se o espazo no que se realizaron foi axeitado, se se acadou ambiente lector, se se nota algunha mellora no traballo diario etc.

Para obtermos estes datos recorreremos a charlas informais co alumnado, enquisas, valoración da súa incidencia no rendemento escolar ou calquera medio que se considere axeitado para tal fin.

Para a avaliación dos aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

A) Instrumentos de avaliación inicial

- Realización dun cuestionario sobre hábitos e gustos de lectura de cara á escolla de textos e libros: cando le, onde, que libros le, cantos...
- Fichas de observación: para comprobar como le en voz alta ou en silencio (pronuncia, posición do corpo, comportamento ocular, erros na verbalización...)

B) Instrumentos de avaliación procesual

- Análise de exercicios da aula

C) Instrumentos de avaliación final

- Cuestionarios tipo test.
- Probas: redaccións, resumos, creación de textos, exposicións orais, asociación de imaxes...

9. Planificación, seguimento e avaliación do PLC

O seguimento das actuacións realizarase de xeito xeral cada curso co control da Comisión de Coordinación Pedagóxica e mais o Consello Escolar. Teranse en conta a seguinte documentación xerada por diferentes instancias do centro:

- DIRECCIÓN:
 - Programación Xeral Anual (PXA)
 - Memoria final.
- DEPARTAMENTOS:
 - Programacións didácticas.
 - Memoria final do curso.
 - Documentación do departamento de Orientación.
 - Documentos das Seccións Bilingües e Programa CUALE.
- BIBLIOTECA ESCOLAR:
 - Plan Anual de Lectura.
 - Plan de Mellora da Biblioteca.
 - Memoria final.
- EDL:
 - Proxecto de Dinamización.
 - Enquisas de uso da lingua galega
 - Memoria final.


9.1. Addenda anual

Con carácter anual, cada comezo de curso remitirase ao Servizo de Inspección Educativa unha Addenda ao PLC coas modificacións e actualizacións necesarias.


Enquisa sobre a situación sociolingüística da comunidade educativa do IES de Mugaros

Data de realización: Maio, 2015


Familias: 83 respostas



Alumnado: 107 respostas




Profesorado: 23 respostas



Media de idade
45 anos

Procedencia das familias Nivel de estudos



Non rematou o ensino primario	1	1.2%
Educación primaria. Antiga EXB	19	22.9%
Educación Secundaria (ESO), antigo BUP	5	6%
Bacharelato LOXSE, antigo COU	6	7.2%
Formación profesional de grao medio	24	28.9%
Formación profesional de grao superior	10	12%
Estudios universitarios inacabados	3	3.6%
Diplomatura ou equivalente	11	13.3%
Licenciatura ou equivalente	4	4.8%
Doutoramento	0	0%

Situación laboral



COMENTARIO:

Mostra: 213 enquisas. Distribución: 48.8% do alumnado; 37% pais e nais; 69,9 % profesorado.
O alumnado do IES de Mugaros é fundamentalmente de procedencia galega, un 92,8%, sendo polo tanto moi escasa a porcentaxe de alumnado foráneo.
As familias posúen un nivel medio de estudos.
En relación coa situación laboral, o dato máis relevante é a alta taxa de desemprego, un 17,5%.

Coñecemento declarado da lingua galega

ALUMNADO

Sabes falar galego con fluidez



Enténdea

Moi ben	65	60.7%
Ben	39	36.4%
Regular	1	0.9%
Mal	2	1.9%

Fálaa

Moi ben	21	19.6%
Ben	74	69.2%
Regular	11	10.3%
Mal	1	0.9%

Lea

Moi ben	48	44.9%
Ben	53	49.5%
Regular	5	4.7%
Mal	1	0.9%

Escribea

Moi ben	28	26.4%
Ben	58	54.7%
Regular	18	17%
Mal	2	1.9%

PAIS E NAIS

Enténdea

Moi ben	40	48.8%
Ben	37	45.1%
Regular	5	6.1%
Mal	0	0%

Fálaa

Moi ben	10	12.3%
Ben	44	54.3%
Regular	22	27.2%
Mal	5	6.2%

Lea

Moi ben	27	33.8%
Ben	40	50%
Regular	12	15%
Mal	1	1.3%

Escribea

Moi ben	12	15.2%
Ben	42	53.2%
Regular	20	25.3%
Mal	5	6.3%

PROFESORADO

Enténdea

Moi ben	18	78.3%
Bastante ben	5	21.7%
Regular	0	0%
Mal	0	0%

Fálaa

Moi ben	5	21.7%
Bastante ben	8	34.8%
Regular	9	39.1%
Mal	1	4.3%

Lea

Moi ben	9	39.1%
Bastante ben	13	56.5%
Regular	1	4.3%
Mal	0	0%

Escribea

Moi ben	4	17.4%
Bastante ben	9	39.1%
Regular	10	43.5%
Mal	0	0%

COMENTARIO:


O 49,5 % do alumnado recoñece non ter a mesma fluidez que en castelán.

Isto contrasta co coñecemento declarado na competencia da fala, que é bastante diverxente entre os tres sectores analizados: un 89,8% do alumnado di que fala ben ou moi ben, fronte ao 66,6% dos proxenitores e ao 66,5% do profesorado.

Na competencia escrita os resultados son inferiores no caso do alumnado e do profesorado: un 81,1% e un 56,5% aseguran escribila ben ou moi ben respectivamente, fronte ao 68,4% dos pais/nais.

Lingua de instalación

ALUMNADO



Que lingua falas habitualmente?

Galego	1	1%
Máis galego ca castelán	2	1.9%
Máis castelán ca galego	42	40%
Castelán	57	54.3%
Outro	3	2.9%

En que lingua escribes habitualmente?

En galego	3	2.8%
Máis galego ca castelán	3	2.8%
Máis castelán ca galego	44	41.5%
Encastelán	52	49.1%
Outro	4	3.8%

En que lingua aprendiches a falar?

En galego	2	1.9%
Máis galego ca castelán	3	2.8%
Máis castelán ca galego	37	34.6%
En castelán	60	56.1%
Outro	5	4.7%

PAIS E NAIS

Que lingua fala habitualmente?

Galego	6	7.3%
Máis galego ca castelán	6	7.3%
Máis castelán ca galego	41	50%
Castelán	28	34.1%
Outra	1	1.2%

En que lingua escribe habitualmente?

Galego	2	2.5%
Máis galego ca castelán	2	2.5%
Máis castelán ca galego	23	29.1%
Castelán	52	65.8%
Outra	0	0%

En que lingua aprendeu a falar?

En galego	10	12.7%
Máis galego ca castelán	2	2.5%
Máis castelán ca galego	15	19%
En castelán	50	63.3%
Outras	2	2.5%

PROFESORADO

Que lingua fala habitualmente?

Galego	4	17.4%
Máis galego ca castelán	1	4.3%
Máis castelán ca galego	9	39.1%
Castelán	9	39.1%
Outro	0	0%

En que lingua escribe habitualmente?

En galego	4	17.4%
Máis en galego ca en castelán	2	8.7%
Máis en castelán ca en galego	5	21.7%
En castelán	12	52.2%
Outro	0	0%

En que lingua aprendeu a falar?

En galego	2	8.7%
Máis en galego ca en castelán	0	0%
Máis en castelán ca en galego	4	17.4%
En castelán	17	73.9%
Outro	0	0%

COMENTARIO:

A lingua de instalación é claramente o castelán nos tres sectores.

Empregan habitualmente de xeito oral o castelán ou máis castelán ca galego: o 94,3% do alumnado, o 84,1% dos pais e nais e o 78,2% do profesorado.


A primeira lingua aprendida foi o castelán ou máis castelán ca galego nas seguintes porcentaxes: un 90,7% no caso do alumnado, un 82,3% no dos proxenitores e un 91,3% no do profesorado.

En canto á competencia escrita, só un 5% dos pais/nais e un 5,6% do alumnado recoñece escribir habitualmente en galego ou máis galego ca castelán, fronte ao 26,1% do profesorado.

Escolarización

ALUMNADO

En que lingua respondes os exames (excluíndo os de idiomas) das distintas materias?



Na lingua da materia	58	54.2%
Sempre en castelán	8	7.5%
Case sempre en castelán	20	18.7%
Sempre en galego	4	3.7%
Case sempre en galego	17	15.9%

En que lingua recibiches as clases de primaria, excluindo as de idiomas (galego, español, inglés...)?

Practicamente todo en galego	21	19.6%
Máis galego ca castelán	40	37.4%
Máis castelán ca galego	32	29.9%
Practicamente todo en castelán	11	10.3%
Todo en castelán	3	2.8%

En que lingua recibes ou recibiches as clases de secundaria, excluindo as de idiomas (galego, español, inglés, francés...)?

Practicamente todo en galego	14	13.1%
Máis galego ca castelán	38	35.5%
Máis castelán ca galego	42	39.3%
Practicamente todo en castelán	10	9.3%
Todo en castelán	3	2.8%

PAIS E NAIS

En que lingua recibiu as clases de primaria?

Practicamente todo en galego	1	1.3%
Máis galego ca castelán	3	3.9%
Máis castelán ca galego	20	26.3%
Practicamente todo en castelán	22	28.9%
Todo en castelán	30	39.5%
Todo en galego	0	0%

En que lingua recibiu as clases de secundaria?

Practicamente todo en galego	1	1.3%
Máis galego ca castelán	3	3.9%
Máis castelán ca galego	15	19.5%
Practicamente todo en castelán	18	23.4%
Todo en castelán	39	50.6%
Todo en galego	1	1.3%


COMENTARIO:

Máis da metade do alumnado, un 54,2% contesta ás preguntas dos exames na lingua da materia. Existe unha grande diferenza na presenza do galego durante a escolarización. Mentres só un 5,2% das clases recibidas polos pais foron en galego, ou cunha presenza maior do galego ca do castelán. O alumnado indica que na primaria recibiu un 57% das clases en galego ou cun predominio do galego sobre o castelán, e un 48,6% afirma o mesmo no caso dos estudos de secundaria.

Uso social


ALUMNADO

Cando alguén fala contigo




PAIS E NAIS

Cando alguén fala con vostede



PROFESORADO

Cando alguén fala con vostede




COMENTARIO:

A respecto do uso social, alumnado e proxenitores contestan maioritariamente na lingua na que lles falan: un 75,7% do alumnado e un 77,8% dos pais e nai, fronte a un 56,5% do profesorado.

Relacións

ALUMNADO



COMENTARIO:

Nas relacións familiares e escolares o predominio do castelán é moi elevado. Só un 7,6% do alumnado emprega o galego sempre ou con predominio sobre o castelán coa nai, e un 6,6% co pai, cifra que se eleva ao 33,9% no caso dos avós. No caso das relacións cos irmáns, só un 4,8% emprega maioritariamente o galego, e esta cifra aínda descende ao 2,8 na fala cos compañeiros de escola. Na conversa co profesorado un 23,4% do alumnado afirma empregar máis galego ca castelán. A eles fálánlles cun predominio do galego o 9,5% das nais; un 13,4% dos pais; un 41,4% dos avós; un 5,8% dos irmáns; un 1,8% dos compañeiros/as de instituto e un 37,2% do profesorado.

Xuízos


ALUMNADO

En que lingua tes maior dominio?

En galego	2	1,9%
En castelán	74	69,2%
Por igual ou parecido	31	29%

En caso de contestar que en castelán, cre que para ter o mesmo dominio debería haber máis materias de estudo que se impartisen en galego

Si	52	55,9%
Non	41	44,1%



As medidas que se toman para favorecer o uso do galego parécenlle

Moi insuficientes	9	8,5%
Insuficientes	46	43,4%
Suficientes	46	43,4%
Un pouco excesivas	4	3,8%
Demasiadas	1	0,9%


PAIS E NAIS

En que lingua cre que seu/s fillo/s teñen maior dominio?

En galego	3	3,7%
En castelán	59	72%
Por igual ou parecido	20	24,4%

En caso de contestar que en castelán, cre que para ter o mesmo dominio debería haber máis materias de estudo que se impartisen en galego

Si	26	38,2%
Non	42	61,8%



As medidas que se toman para favorecer o uso do galego parécenlle?

Moi insuficientes	4	4,9%
Insuficientes	34	42%
Suficientes	31	38,3%
Un pouco excesivas	8	9,9%
Demasiadas	4	4,9%


PROFESORADO

En que lingua cre que os seus alumnos teñen maior dominio?

En galego	0	0%
En castelán	23	100%
Por igual ou parecido	0	0%

En caso de contestar: "en castelán", cre que para ter o mesmo dominio debería haber máis materias de estudo que se impartisen en galego

Si	15	68,2%
Non	7	31,8%



As medidas que se toman para favorecer o uso do galego parécenlle

Moi insuficientes	1	4,5%
Insuficientes	14	63,6%
Suficientes	7	31,8%
Un pouco excesivas	0	0%
Demasiadas	0	0%

COMENTARIO:

ALUMNADO: Un 69,2% do alumnado afirma ter maior dominio lingüístico en castelán ca en galego. Máis da metade, un 55,9% cre que para ter o mesmo dominio en ambas as linguas o número de materias impartidas en galego debería ser superior. Asemade un 51,9% considera que as medidas para favorecer o uso do galego son insuficientes ou moi insuficientes.


OS PAIS: En contraste co anterior, un 72% dos proxenitores opina que os seus fillos/as teñen maior dominio en castelán. Malia isto, o 61,8% opina que non se deberían impartir máis materias en galego para acadar un nivel similar en ambas as linguas cooficiais e só un 46,9% considera as medidas para favorecer o uso do galego insuficientes.

PROFESORADO: o 100% opina que o alumnado ten maior dominio en castelán ca en galego. O 68,2% opina que para acadar o mesmo nivel é preciso impartir máis materias en galego e un 68,1% considera as medidas de dinamización insuficientes.

Xuízos

ALUMNADO

Paréceche que o galego actualmente se usa



Moito	5	4.7%
Bastante	12	11.2%
Suficiente	28	26.2%
Pouco	61	57%
Nada	1	0.9%

Cres que se falas galego se van rir de ti?

Si	3	2.8%
Non	95	88.8%
É bastante probable	9	8.4%

Cres que falando galego é máis difícil ligar?

Si	27	25.2%
Non	51	47.7%
Igual	29	27.1%

Cando les un libro que che gusta prefires que estea escrito

En galego	13	12.1%
En castelán	41	38.3%
Dáche igual	53	49.5%

Considera que saber galego che vai resultar útil no futuro?

Moito	18	17%
Bastante	33	31.1%
Algo	34	32.1%
Pouco	13	12.3%
Nada	5	4.7%
NS/NC	3	2.8%

Cres que o galego se debería usar máis do que se usa neste momento?

Si	87	81.3%
Non	20	18.7%

Por que cres que se fala menos galego?

Porque se pensa que é de paletos	38	35.8%
Porque non se aprende na casa	43	40.6%
Porque non se lle ve utilidade	39	36.8%
Porque na escola hai moi poucas materias que se impartan en galego	14	13.2%
Outro	18	17%

COMENTARIO:

USO DA LINGUA: Considera que o galego se usa pouco o 57% do alumnado, o 36,1% dos proxenitores e o 91,3% do profesorado.


PREXUÍZOS: Todo indica que están a desaparecer entre o alumnado: un 88,8% do alumnado non cre que se vaian mofar deles por falar en galego, un 47,7% estima que empregando esa lingua non lles vai ser máis difícil ligar e a un 49,5% dálle igual ler en galego ca en castelán.

CAUSA DA PERDA DOS FALANTES: O alumnado achácao aos seguintes factores: Un 40,6% indica que é porque non se aprende na casa, un 36,8% porque non se lle ve utilidade e un 35,8% porque se pensa que é de pailáns. É dicir, que eles non recoñecen ter prexuízos pero pensan que aínda existen.

Xuízos

PAIS E NAIS

Parécelle que o galego actualmente se usa




Moito	4	4.8%
Bastante	27	32.5%
Suficiente	22	26.5%
Pouco	30	36.1%
Nada	0	0%

Considera que saber galego lles vai resultar útil aos seus fillos no futuro?

Moito	16	19.5%
Bastante	21	25.6%
Algo	26	31.7%
Pouco	9	11%
Nada	10	12.2%

PROFESORADO

Parécelle que o galego actualmente se usa



Moito	0	0%
Bastante	0	0%
Suficiente	2	8.7%
Pouco	21	91.3%
Nada	0	0%

Considera que saber galego lles vai resultar útil aos seus alumnos no futuro?

Moito	7	30.4%
Bastante	9	39.1%
Algo	6	26.1%
Pouco	1	4.3%
Nada	0	0%
NS/NC	0	0%

COMENTARIO:

USO DA LINGUA: Considera que o galego se usa pouco o 36,1% dos proxenitores e o 91,3% do profesorado.
UTILIDADE: Un 17% do alumnado considera que o galego lle vai resultar pouco ou nada útil no futuro; esta percepción ascende no caso dos pais/nais, xa que un 23,2% estima que esta lingua lles vai resultar pouco ou nada útil aos seus fillos/as. Mentres que só un 4,3% do profesorado comparte esa opinión.

ANEXO II: RÚBRICAS

ESCALA DE AVALIACIÓN DA EXPOSICIÓN ORAL														
BAREMOS					ALUMNOS									
Insuficiente 1	Frouxo 2	Aceptable 3	Ben 4	M.B. 5	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º
CRITERIOS DE VALORACIÓN														
Interacción co auditorio:														
Uso adecuado de xestos, movementos, postura														
Interacción co auditorio: olladas...														
Sensación de tranquilidade e naturalidade														
Voz:														
Expresión: vocalización, sen muletillas...														
Ton de voz: variado, nin alto nin baixo.														
Ritmo adecuado: nin moi rápido nin lento														
Respecto das pausas necesarias														
Espertan interese e atención do público:														
Formulación de preguntas ou ideas previas														
Mantén a atención do público														
Uso de medios auxiliares ou de apoio														
Insistencia nas ideas principais														
Propiedades textuais														
Adecuación: corrección lingüística, rexistro, léxico...														
Tratamento información: nin defecto nin exceso														
Ordenación lóxica da información														
Non ten lagoas nin rupturas da orde														
Uso adecuado de conectores e unión entre as partes														
Exposición oral:														
Concreción do obxectivo da exposición														
Desenvolvemento das ideas con claridade														
Coñecemento do tema tratado														
Independencia respecto das súas notas														
Conclusión final: resumo das ideas principais														
Bo tratamento das fontes: non copia														
Orixinalidade na exposición														
Control do tempo de que dispón														

Adaptado do Proyecto Cíceros (MEC)

ANEXO III:

PAUTAS PARA A REALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DUN TRABALLO

COMO REALIZAR UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN?

A realización de pequenos traballos de investigación pode ser unha das tarefas coas que se atopa un alumno/a ao longo da súa actividade académica.

Esta pode resultar unha actividade interesante e moi útil para:

- Coñecer e profundizar sobre determinados temas.
- Aprender unha metodoloxía para levar cabo unha investigación.
- Traballar a comprensión lectora, a capacidade de síntese; a detección de ideas importantes, secundarias ou prescindibles; o posible contraste de ideas contraditorias; exercer o espírito crítico etc.
- Traballar a expresión escrita: a ordenación e xerarquización de ideas, a argumentación, a precisión léxica, a corrección ortográfica.
- Familiarizarse coa forma de presentar un traballo: partes das que debe constar, aspectos formais (marxes, interlineado, numeración), como citar, como elaborar un índice bibliográfico.

1. PLAN DE TRABALLO

1-1 Elixir un bo tema (cando se trata de escolla libre)

- Buscar un tema que nos interese, que sexa importante e orixinal: abrir un xornal e anotar varios temas, facer o mesmo cun libro ou enciclopedia, pedir suxestións...
- Dos posibles temas seleccionados facerse preguntas: sei algo?, podo formular preguntas previas? é fácil atopar información? pode resultar interesante?
- Seleccionar un tema abarcable en canto a dimensións e nivel de dificultade.
- Limitar o tema: que? como? cando? onde? por que?

1-2 Elaborar un esquema

- Ter en conta a información do profesor/a.
- Formularse preguntas sobre o tema.

- Consultar bibliografía básica (diccionarios enciclopédicos, diccionarios temáticos, libros de información xeral que traten sobre o tema, estudos concretos sobre el). É conveniente ir do xeral ao particular.
- Seleccionar ideas xerais.
- Anotar as ideas que nos podan parecer interesantes.
- Elaborar esquemas e diagramas: facer un índice provisional e unha división en capítulos.

1-3 Seleccionar as fontes

- ONDE ATOPAR INFORMACIÓN?: da observación, entrevistas, experimentos, documentos orixinais, vídeos, libros, periódicos, revistas, Internet...
- COMO VALORAR A INFORMACIÓN?: se contén algo útil, está actualizada, é comprensible, ten unha extensión axeitada, o autor ou a fonte é fiable. En Internet haberá que comprobar que a información resulte relevante, quen é o autor ou autores, se ten enlaces a outras páxinas e se están ben seleccionados; comprobar se o documento está actualizado; fixarse no pé da páxina por se aparecen datos relativos ao responsable dela. Valorar o punto de vista co que se presenta a información (equilibrado ou tendencioso)
- COMO ATOPAR INFORMACIÓN NAS FONTES?:
 - Libros:** explorar a contracuberta, sumario, introdución, conclusión, índice (xeral, temático, onomástico, de autores, de obras...). Realizar lecturas rápidas, en varrido, utilizando a axuda que proporcionar marcadores como as palabras en negriña, cursiva, subliñados, esquemas...
 - Documentos periodísticos:** explorar os titulares, entradiñas, recadros, frases entrecomilladas, fotos e pés de fotos...
- ¿COMO ATOPAR AS FONTES?
 - Na biblioteca:** introducir no OPAC os chamados descritores, palabras clave que serven para identificar as fontes que tratan desa materia.
 - En Internet:** empregar os buscadores introducindo palabras clave.
- SELECCIÓN DE DATOS E IDEAS: anotar os documentos nos que se obtén resposta ás propias preguntas, elaborar fichas que conteñan a seguinte información: autor,

título, editorial, lugar e data, data do xormal e páxina, número da revista, capítulo e páxina, URL, data da última consulta da páxina Web.

2. REDACCIÓN

- Elaborar un borrador onde se organicen as ideas cunha orde lóxica, de forma progresiva e sen repeticións.
- Redactar primeiro os parágrafos onde aparezan as ideas fundamentais. Ao final ordenaranse e completaranse.

Cada idea nova aparecerá nun parágrafo diferente. Hai que procurar utilizar oracións curtas, empregar ben os conectores e marcadores textuais e evitar o abuso de puntos suspensivos e exclamacións.

- Os capítulos deberán ter extensión similar. É importante elixir títulos e subtítulos representativos e atractivos.
- Hai que decidir a ubicación da información gráfica (esquemas, imaxes, ilustracións) e acompañala de epígrafes.
- Reler todo para comprobar que non quedou esquecida ningunha idea fundamental.
- Elaborar a redacción definitiva, a introdución, a conclusión final, a bibliografía e o sumario que poderá ir ao principio ou ao final e no que figurarán tódolos títulos e subtítulos.
- Revisar a ortografía e a puntuación. Lembrar que hai que poñer en cursiva as expresións estranxeiras de uso non común, os nomes científicos, os termos técnicos, títulos de libros, películas, diarios poemas e cadros.
- Deseñar a portada.

3. ELABORAR UN ÍNDICE BIBLIOGRÁFICO

O índice bibliográfico é a listaxe de todos os documentos citados e consultados que contribuíron a aportar ideas, hipóteses e conclusións.

- ❖ **Os libros** incluídos neste listado deben citarse da seguinte forma: APELIDOS DO AUTOR, Inicial/es do nome. *Título*. Lugar de publicación: Editor, ano de publicación.

- ❖ **Os artigos de enciclopedia.** Título do artigo. *Título da enciclopedia*, Lugar de publicación: Editor, ano da publicación, volume da enciclopedia, nº da primeira páxina do artigo - nº da derradeira páxina.
- ❖ **Os artigos de revista:** APELIDOS DO AUTOR, Inicial/es do nome. Título do artigo. *Título da revista*, ano de publicación, nº da revista, nº da primeira páxina do artigo - nº da derradeira páxina.
- ❖ **Páxina Web:** enderezo e data de consulta.

4. COMO CITAR

As citas son a transcripción, literal ou non, de palabras e frases doutro autor que insertamos no noso traballo para corroborar unha idea, contrastala, comentala ou ampliála.

- ✓ En cada cita deben figurar claramente recoñecibles o autor e a fonte. A cita identifícase cun número que remite ao pé de páxina ou ó final do capítulo.
- ✓ As citas han de ser exactas e aparecer entrecomilladas.
- ✓ É posible parafrasear, pero citando sempre ao autor.
- ✓ Dentro dunha cita, toda observación persoal debe aparecer entre corchetes.
- ✓ Cando omitamos partes dun texto citado deberemos empregar [...]

5. ABREVIATURAS QUE DEBEMOS COÑECER PARA CITAR OU INTERPRETAR AS CITAS NA BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

Vid. Cfr.- “ver” “comparar” seguido da fonte á que se remite

Ibid.- Refírese á cita inmediatamente anterior. Indicando que se trata do mesmo autor e da mesma obra. Hai que indicar a páxina.

Op. Cit.- “obra citada” . Emprégase para aludir a unha obra ou cita anterior sempre que non sexa inmediatamente anterior. Antes desta locución aparece o nome do autor e despois dela a páxina do libro.

Vid. Supra. –“ver arriba”. Remite a algo que xa se mencionou ou explicou con anterioridade Hai que indicar a páxina na que aparecía.